




## 1 REXENERACIÓN

- Rexeneración natural de densidade variable, alto fuste sobre cepas ou árbores demoucadas.

## 2 MANTEMENTOS

- Roza para facilitar o acceso.
- Compatibilidade con aproveitamento micolóxico e gandeiro.



### MODELO SILVÍCOLA QR2

ESPECIE: *Quercus robur* L., aplicable a formacións mixtas con piñeiro do país ou outras frondosas autóctonas

OBXECTIVO: conservación e produción de leñas en monte alto e carballeiras demoucadas

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Carballeiras cun estado forestal ou silvícola que non recomende ou non permita intervencións culturais propias da produción madeireira

## 3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** podas de formación ata 2-4 m para acadar lonxitude de fuste sen bifurcacións da altura.
- **Desmestas:** desde os 15 anos ata deixar 1.000-1.500 pés/ha.
- **Rareas:** aos 30 anos e seguir cada 7-10 anos.
- **Demoucas:** só admisible en árbores previamente demoucadas (redemoucado). Aplicar demoucas laterais para manter unha guía principal ou de guiado en forma de forca e pendón.

## 4 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** entre os 90 e os 120 anos. Poderase manter de xeito definitivo arborado adulto en pé a partir desas idades.
- **Métodos de corta:** evitar cortas a eito e posterior aproveitamento en monte baixo. Posible corta polo pé de árbores demoucadas se existe rexenerado de substitución arredor. Rareo sucesivo ou entresaca pé a pé ou en grupos de árbores.